

PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS DA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MAIS VANTAXOSA E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO DE “SOCORRISMO E PRIMEIROS AUXILIOS NA PRAIA FLUVIAL DE TAPIA E NAS PISCINAS DESCUBERTAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL” DO CONCELLO DE AMES

O obxecto do contrato é a prestación dos servizos de socorrismo e primeiros auxilios na praia fluvial de Tapia e nas piscinas públicas descubertas do Concello de Ames durante o período comprendido dende o 15 de xuño e ata o 15 de setembro.

Todo o persoal que se adscriba ao servizo deberá dispor de titulación axeitada e homologada conforme a lexislación vixente que sexa de aplicación. O adxudicatario tamén deberá dispor dos medios materiais suficientes para a prestación do servizo e asimesmo deberá asumir os custos de reposición dos materiais dos botiquíns de primeiros auxilios, etc.

Servizo de Socorristas

A empresa adxudicataria deberá dispor do material e persoal necesario para cubrir o servizo de socorrismo nas instalacións da praia fluvial de Tapia e nas piscinas descubertas municipais de Bertamiráns e o Milladoiro nas seguintes datas e horarios, do 15 de xuño ao 15 de setembro:

- Praia fluvial de Tapia: De luns a venres en horario de 15:00 ás 21:00 horas. Sábados, domingos e festivos en horario de 11:00 ás 21:00 horas.
- Piscina descuberta pública de Bertamiráns: Todos os días semana (incluídos festivos) en horario de 10:30 ás 20:30 horas
- Piscina descuberta pública de Milladoiro: Todos os días da semana (incluídos festivos) en horario de 10:30 ás 20:30 horas

Durante todo o horario de cobertura do servizo será necesaria a presenza mínima de **un/unha socorrista** nas piscinas descubertas públicas de Bertamiráns e Milladoiro, e unha presenza mínima de **tres socorristas na praia fluvial de Tapia**, con formación en salvamento acuático e prestación de primeiros auxilios, que contén con titulación axeitada en vigor.

O persoal socorrista deberá ser dotado por parte da empresa adxudicataria da vestimenta que cumpra coas seguintes características:

- Deberá ser perfectamente identificable e levará o distintivo de socorrista así como o distintivo do Concello.
- Manterá unha uniformidade entre quendas e persoas.

Obrigacións do persoal socorrista:

- Estar presente no espazo das instalacións durante todo o horario de apertura.
- Vixiar, protexer e auxiliar aos usuarios.
- Velar pola plena seguridade dos usuarios e facer gardar o Regulamento da instalación, así como o resto dos regulamentos e demais normativa que sexan de aplicación.
- Responsabilizarse do manexo, localización e demais normativas e garda dos elementos de seguridade.
- Desenvolver todas aquelas labores de réxime de autocontrol que lle correspondan tales como a cumplimentación de libros de seguridade, control e

información de incidencias).

- Sinalizar, mediante carteles os usos e delimitar, coa colocación ou retirada de corcheras, os espacios para uso óptimo da piscina.
- Manter un contacto educativo cos usuarios, asesorándoos sobre a práctica adecuada da natación, así como o bo uso das instalacións e respecto ao resto das persoas usuarias.
- Atender as queixas e reclamacións e recibir as ideas e suxerencias tanto das persoas bañistas como do persoal, así como trasladalas a persoa que corresponda.
- Levar o control do contido do botiquin situado nas dependencias onde se vai a prestar o servizo; control de caducidades dos medicamentos e comunicación do material esgotado para a súa substitución.
- Velar polo cumprimento do aforo máximo dentro dos vasos das piscinas.

Medios de comunicación.

O adxudicatario deberá poñer en coñecemento do Concello un número de teléfono móbil, ademais dun número de fax e/ou correo electrónico, que poida permitir a localización do coordinador/encargado da contrata.

En todo caso, a empresa adxudicataria deberá acollerse en todo momento ao establecido no Decreto 103/2005, de 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo.